

# **CONFIGURACION DO CLIENTE DE CORREO IMAP**

UniversidadeVigo

Vigo  
24 de Febreiro de 2.010

UniversidadeVigo

## Información do documento

Nome do documento:	Configuración do cliente de correo como IMAP		
Autor:	Area TIC	Versión:	1.0

## Control de versións

Versión	Data de versión	Descrición
1.0	24/02/2010	Versión inicial

## ÍNDICE

1.	O Servizo .....	4
2.	Configuración Eudora con IMAP .....	4
2.1.	Erros comúns con Eudora .....	4
3.	Configuración de Netscape/Mozilla con IMAP .....	5
3.1.	Erros comúns con Netscape/Mozilla .....	6
4.	Configuración de Outlook Express con IMAP .....	7

## 1. O Servizo

Este documento explica cómo configurar un cliente de correo utilizando o protocolo IMAP en Eudora, FireFox e Outlook.

## 2. Configuración Eudora con IMAP

As opcións de configuración do cliente de correo Eudora atópanse no Menú “**Tools**” dentro da opción “**options...**”.

Na fiestra “**options**” aparecen unha serie de categorías. As configuracións que é necesario poñer en cada unha para que funcione correctamente son as seguintes:

- **Getting Started:**
  - Real name: nome completo
  - Return address: Su endereço de correo
  - Mail server (Incoming): correo.uvigo.es
  - Login name: o login de correo
  - SMTP Server (Outgoing):
    - correo.uvigo.es → si se accede dende dentro da Universidade.
    - smtp.uvigo.es → si se accede dende fora.
- **Checking Mail:**
  - Mail Server: correo.uvigo.es
  - Login Name: su login de correo
  - Check for mail every: Si se desexa que Eudora comprobe si ten correo novo periodicamente será necesario configurar aquí o periodo en minutos. (aconsellable que sexa maior a 10 ou 20 minutos).
  - Secure socket when receiving: Si non se quere usar SSL (Secure Socket Layer) será necesario marcar a opción “**Never**”, no caso de querer ler o correo con conexión segura marcar a opción “**Required, alternate port**”.
- **Incoming mail:**
  - Server configuration: POP o IMAP (non é necesaria ningunha outra configuración para que funcione correctamente).
- **Sending mail:**
  - Return address: Enderezo de correo
  - SMTP server :
    - correo.uvigo.es → si se accede dende dentro da Universidade.
    - smtp.uvigo.es → si se accede dende fora.
  - Secure sockets when sending: Never

### 2.1. Erros comúns con Eudora

- **Eudora amosa unha mensaxe do tipo “SSL Negotiation Failed: Certificate Error:....” ao intentar ler o correo.** Isto probablemente ocorra a primeira vez que se intente ler o correo usando SSL. O problema radica en que Eudora non coñece o certificado de seguridade do servidor de correo da Universidade de Vigo. Para solucionalo é necesario incorporar este certificado como un certificado recoñecido (Trusted). O proceso varía si usa POP ou IMAP.
  - **Si usa POP para ler o correo:**
    - Ir ao menú “**Tools**” e á opción “**Options**”.
    - Seleccionar a categoría “**Checking Mail**” e pulsar no botón “**Last SSL Info**”
    - Debería aparecer unha fiestra coa información do certificado. A continuación pulsar o botón “**Certificate Information Manager**”.

- Na fiestra que aparece deberá seleccionar o certificado correspondente á Universidade de Vigo e pulsar o botón “**Add to Trusted**”.
- **Si usa IMAP para ler o correo:**
  - Neste caso Eudora presenta un problema xa que non permite abrir a fiestra de certificados. A solución pasa por activar temporalmente a lectura do correo con POP e realizar as accións indicadas no apartado anterior. Unha vez recoñecido o certificado deberá volver a seleccionar IMAP.  
(A elección entre POP e IMAP realizase na categoría “**Incoming Mail**”).
- **Eudora amosa unha mensaxe “IMAP connection to server correo.uvigo.es has been broken” ao abrir unha carpeta usando IMAP.**

Por motivos de rendemento y para evitar que un só cliente de correo saturase ao servidor establecendo gran número de conexións, limitáronse as conexións IMAP simultáneas dende una IP a 5. O cliente de correo utiliza unha caché de conexións abrindo unha conexión por cada carpeta aberta, polo que si se abren demasiadas carpetas simultaneamente aparecerá este erro. Basta con pechar algunhas drlas para solucionalo.
- **EUDORA non permite crear unha carpeta IMAP**

O actual servidor IMAP só permite crear carpetas dentro do espazo de nomes INBOX., é dicir, como subcarpetas de Inbox.

  - **Para crear unha carpeta nova:**
    - Seleccionar a carpeta Inbox.
    - Co botón dereito elixir a opción “**New...**”
    - Na fiestra que aparece indicar:
      - O nome da carpeta (Name of de new mailbox:)
      - Non marcar a opción “**Make it a folder**”, xa que non funcionaría.

### 3. Configuración de Netscape/Mozilla con IMAP

O actual servidor de correo correo.uvigo.es só acepta crear carpetas IMAP como subcarpetas da carpeta INBOX.

Aparte desta limitación, a configuración recomendada para os usuarios de Netscape/Mozilla que usen IMAP para a lectura do correo é a seguinte:

- Server Name: correo.uvigo.es
- Port: 143
- Use secure connection (SSL)
- Check for new messages at startup
- Check for new messages every 15 minutes (nunca menos disto en todo caso)
- When I delete a message: Move it to the Trash folder. Aínda que segundo o espazo ocupado polo usuario pode ser recomendable indicar “**Mark it as deleted**”.
- Segundo o espazo ocupado pode ser aconsellable o usar a opción “**Empty Trash on Exit**”.
- No menú “**Advanced...**”:
  - Server supports folders that contain sub-folders and messages
  - Maximum number of server connections to cache: 5
  - Personal namespace: “**INBOX**”
  - Public (shared): “**shared**”
  - Allow server to override these namespaces

### 3.1. Erros comúns con Netscape/Mozilla

- **Netscape da un erro ao enviar un correo**

Con Netscape/Mozilla existen diversos problemas de funcionamento debidos a unha implementación incorrecta da extensión "Namespaces" de IMAP nestes clientes de correo (RFC 2342).

Co anterior servidor IMAP, UW-IMAP, non había problemas xa que era moi permisivo á hora de crear carpetas, pero Courier-IMAP forza que se creen dentro do espazo de nomes do usuario, isto é, como subcarpetas de INBOX, para distinguir claramente os correos no servidor dos que se teñen no propio ordenador.

Aínda que ao descargar mensaxes estas se amos correctamente, Netscape/Mozilla non é capaz de crear a carpeta de elementos enviados ("Sent" ou "Elementos enviados"), xa que intenta creala por encima de INBOX, e isto non é posible en Courier-IMAP, polo que no cliente de correo amósase o erro "Invalid mailbox name", polo que no cliente de correo amósase o erro "Invalid mailbox name".

Isto é un erro no uso dos espazos de nomes IMAP.

A mensaxe, de todas formas, foi enviado, o problema é que non o pode gardar, o cliente de correo, na carpeta de elementos enviados. A mensaxe amosará é, en todo caso, confuso e leva a enviar o correo unha e outra vez (e ao destinatario a recibilo varias veces repetido).

Para solventar isto é necesario que de forma automática se creen no servidor de correo as carpetas IMAP:

- Sent
- Elementos enviados

Isto se está facendo agora de forma automática, o que solventaría os erros mencionados.

O usuario tamén podería crearse de novo esta carpeta, o problema está con que Netscape non é capaz de facelo de forma automática.

Para todos os usuarios de correo, será necesario que estes reinicien o seu cliente de correo para poder velas e deixar de ter o erro indicado.

- **Netscape non amosa o contido dalgunhas carpetas IMAP**

É outro problema coa caché de conexións de Netscape.

Si se ten un cliente IMAP configurado é posible que o máximo número de conexións simultáneas ao servidor IMAP esté configurado a un número moi alto.

Netscape usa esta caché para axilizar a lectura do correo, mantendo varias conexións abertas ao servidor IMAP, abre unha cada vez que se examina unha nova carpeta.

Por motivos de rendemento e para evitar que un só cliente de correo sature o servidor establecendo gran número de conexións, límitanse as conexións IMAP simultáneas dende unha IP a 5.

Por isto, e debido a que Netscape/Mozilla, cando se atopa con que o servidor non lle deixa establecer unha nova conexión non é capaz de determinar a causa e o que fai é non amosar o contido das carpetas a partir da quinta examinada nunha soa sesión é conveniente limitar o número máximo de conexións a correo.uvigo.es no cliente IMAP a 5.

Isto configúrase en:

- "Server Settings"
- "Advanced..."

- **"Maximum number of server connections to cache"** : 5 (como moito)

En xeral as outras opcións avanzadas de IMAP as detecta o cliente de correo despois de conectarse por primeira vez ao servidor.

O recomendable sería:

- Show only subscribed folders
- Server supports folders that contains sub-folders and messages
- Maximum number of server connections to cache: 5
- Personal namespace: **"INBOX"**
- Public (shared): **"shared"**
- Allow server to override these namespaces

- **Netscape non amosa todas as carpetas existentes no servidor**

Pode ser necesario volver a subscribirse a todas as carpetas IMAP.

- **Netscape non permite crear unha carpeta IMAP**

O actual servidor IMAP só permite crear carpetas dentro do espazo de nomes INBOX, é dicir, como subcarpetas de Inbox.

Para crear una carpeta nova:

- Seleccionar a carpeta Inbox.
- Co botón dereito escoller a opción **"New folder..."**.
- Na fiestra que aparece indicar:
  - O nome da carpeta (Name:).
  - Como pai da carpeta a crear a carpeta Inbox (**"Inbox on ..."**).

## 4. Configuración de Outlook Express con IMAP

Os clientes que empreguen Outlook Express para a lectura do correo poden atoparse con algúns problemas de configuración debido a que este cliente de correo non é quen de determinar o nome da bandexa de entrada no servidor (INBOX).

A configuración indicada foi probada con Outlook Express 6.

Para resolver este problema, seleccionar, a conta de correo empregada dentro do menú **"Herramientas"** seleccionar **"Cuentas"**.

Unha vez seleccionada a conta a empreñar en esta fiestra pulsar á dereita o botón **"Propiedades"**.

Esta opción lanza unha fiestra na que unha das opcións existentes é **"IMAP"**.

Seleccionar esta opción e, na fiestra que aparece configurar as características da conta IMAP como:

- **"Ruta da carpeta raíz"**: INBOX.
- Isto é moi importante, xa que se non se indica **"INBOX"** (por defecto non se indica nada) Outlook Express non é capaz de ver as carpetas IMAP existentes no servidor.
- **"Buscar mensajes en todas las carpetas"** : É preferible non marcar esta opción, o cliente de correo funcionará máis rápido se non se emprega.
- **"Almacenar carpetas especiales en el servidor IAMP"**: Deixar as dúas carpetas que aparecen co seu valor por defecto (en Outlook Express 6), que é:
  - **"Ruta de elementos enviados"**: Elementos enviados
  - **"Ruta de borrador"** : Borrador